

**MANUAL DE
FORMULARIOS PARA
POLICÍAS LOCAIS**

XUNTA DE GALICIA

DIRECCIÓN:

- Juan José Fariñas-Ferro Rodríguez.

COORDINACIÓN:

- Pedro Luis Sánchez Castro.

AUTORES:

- Alberto Carballo Acuña
- Daniel Macenlle Díaz
- Paula Soto Viñas
- Marta Souto González

A Academia Galega de Seguridade non se responsabiliza dos xuízos e opinións dos autores reproducidos nest Publicación, nin necesariamente se identifica cos mesmos.

EDITA: Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais.
Academia Galega de Seguridade.

Fotocomposición: Gráficas Sanpar S.L

Imprime:  SANPAR

Depósito Legal: C-1484-01

ISBN: 84-453-3119-1

ÍNDICE

	Páx.
PRÓLOGO	8
Criterios xerais de estilo para redactarmos	9

■ POLICÍA ADMINISTRATIVA

1. Control de establecemento (parte de servicio)	16
2. Ficha de inspección de locais	17
3. Acta de precinto de locais	18
4. Acta de desprecinto de locais	19
5. Lexislación - suspensión da actividade	20
6. Denuncia por incumprimento de horarios en establecementos	23
7. Solicitud de ocupación da vía pública	24
8. Acta de retirada de mesas e cadeiras instaladas na vía pública sen autorización	25
9. Denuncia por incumprimento de bandos, ordenanzas	26
10. Denuncia por incumprimento de ... (espectáculos públicos)	27
11. Denuncia ou reclamación ambiental	28
12. Acta de medición de ruidos	29
13. Parte de identificación de venda ambulante	30
14. Acta de venda ambulante sen licencia	31
15. Acta de retirada de instalacións, elementos e xéneros	32
16. Acta de entrega de instalación, elementos e xéneros	33
17. Acta de requisamento de armas ilegais ou sen xustificar documentación	34
18. Acta de intervención de substancias estupefacientes (para a subdelegación do goberno)	35
19. Acta de intervención de substancias estupefacientes (para os xulgados)	36
20. Acta de toma de mostras de auga	37
21. Informe	39
22. Certificado de convivencia	40
23. Identificación	41
24. Colector de entullos (parte de servicio)	42
25. Control de sinalización circunstancial (parte de servicio)	43

26. Folla de servicios	44
27. Acta de entrega de obxecto recuperado	45
28. Xustificante de estadía	46
29. Informe de anomalías	47
30. Avarías nos vehículos municipais	48

■ TRÁFICO

■ ACCIDENTE DE CIRCULACIÓN

1. Atestado instruído por accidente de circulación	50
2. Dilixencia de iniciación	51
3. Datos dos vehículos implicados	52
4. Datos das persoas implicadas	53
5. Esquema de situación dos/as ocupantes	56
6. Peóns atropelados	57
7. Recollida e descrición de datos do disco diagrama do tacómetro	61
8. Situación dos vehículos implicados	62
9. Dilixencia de manifestación de D./D ^a	64
10. Plano xeral do accidente	65
11. Fotografías	66
12. Dilixencia de comunicación ó xulgado de garda	67
13. Dilixencia de solicitude dos servicios funerarios	68
14. Informe técnico	69
15. Dilixencia de observacións	70
16. Debuxo gráfico do accidente	71
17. Dilixencia de entrega	72

■ ALCOLEMIA

1. Atestado instruído por presunto delicto de conducción baixo os efectos de bebidas alcólicas	74
2. Dilixencia de exposición dos feitos	75
3. Ficha de signos externos que presenta a persoa conductora	76

4. Dilixencia de información á persoa implicada	77
5. Dilixencia de determinación do grao de impregnación alcohólica co etilómetro. . .	78
6. Dilixencia de traslado a un centro sanitario	79
7. Dilixencia de unión dos xustificantes do etilómetro	80
8. Dilixencia de lectura de dereitos a persoa detida	81
9. Dilixencia de aviso e de presentación de avogado/a de oficio	82
10. dilixencia de posta en liberdade	83
11. Dilixencia de substitución do/da conductor/a	84
12. Dilixencia de inmovilización dun vehículo	85
13. Acta de levantamento de inmovilización e de entrega de vehículo	86
14. Dilixencia de comunicación ó xulgado do quebrantamento de inmovilización	87
15. Dilixencia de entrega	88

■ PROCEDIMIENTO SANCIONADOR

1. Boletín de denuncia. instruccións	90
2. Notificación da denuncia	91
3. Informe do/a axente	92
4. Informe do/a responsable do expediente	93
5. Proposta de resolución (positiva)	94
6. Proposta de resolución (negativa)	95
7. Notificación de resolución (positiva)	96
8. Notificación de resolución (negativa)	97
9. Certificación de descuberto de carácter colectivo	98
10. Edicto (notificación das iniciacións dos expedientes sancionadores)	99
11. Edicto (notificación das resolucións dos expedientes sancionadores)	100
12. Solicitud de datos á policía local	101
13. Relación de cartas (multas)	102
14. Solicitud para anular unha sanción de tráfico	103

■ VARIOS

1. Denuncia por subtracción de vehículo de motor ou ciclomotor	105
2. Recuperación do vehículo de motor ou ciclomotor	106

3. Intervención do certificado dun ciclomotor	107
4. Acta de intervención do permiso de conducción	108
5. Acta de intervención do permiso de circulación	109
6. Regulamento xeral de conductores	110
7. Volante substitutorio do permiso de circulación	111
8. Acta de comparecencia e entrega	112
9. Requirimento de documentación	113
10. Requirimento de presentación do recibo en vigor da póliza do seguro obrigatorio	114
11. Acta de inmovilización de vehículo	115
12. Acta de anulación da inmovilización de vehículo	116
13. Acta de precinto de vehículo	117
14. Acta de desprecintado de vehículo	118
15. Precinto	119
16. Retirada de obxectos persoais	120
17. Acta de entrega de obxectos do interior do vehículo	121
18. Autorización de retirada de vehículo da vía pública (do/a propietario/a)	122
19. Autorización de retirada de vehículo da vía pública (do/a alcalde/esa)	122
20. Traslado de vehículo accidentado	123
21. Retirada de vehículo	124
22. Decreto (de vehículos abandonados)	125
23. Vehículo abandonado sen placas (parte de servicio)	126
24. Notificación da retirada de vehículo	127
25. Renuncia da titularidade de vehículo	128
26. Transporte escolar	129
27. Requisitos técnicos. matrícula	130
28. Controis de taxis (lexislación)	131
29. Control auto-taxis (ficha)	137
30. Transporte especial (parte de servicio)	139

■ MATERIA PENAL

1. Atestado instruído por delicto de	141
2. Dilixencia de coñecemento dos feitos	142

3. Acta de denuncia verbal transcrita que presenta	143
4. Dilixencia de ofrecemento de accións	144
5. Acta de ofrecemento de accións ás vítimas de delitos violentos ou contra a liberdade sexual	145
6. Información para as vítimas de delitos violentos ou contra a liberdade sexual ..	146
7. Acta de inspección ocular	148
8. Citación (da testemuña)	149
9. Citación (do/a imputado/a nunha falta)	150
10. Ctación (do/a imputado/a nun delito)	151
11. Detención e lectura de dereitos	152
12. Detención e lectura de dereitos (estranxeiro/a que non fale nin comprenda nin galego nin castelán)	153
13. Detención e lectura de dereitos (menor)	154
14. Detención e lectura de dereitos (menor estranxeiro que non comprenda nin fale galego ou castelán)	155
15. Dilixencia de aviso ó/á letrado/a	156
16. Dilixencia de presentación do/a letrado/a	157
17. Dilixencia de aviso á oficina consular do país do/a estranxeiro/a detido/a	158
18. Dilixencia de aviso ó/á intérprete	159
19. Dilixencia de presentación do/a intérprete	160
20. Dilixencia de aviso ós servicios do equipo técnico adscrito ó xulgado de menores	161
21. Dilixencia de presentación de integrante(s) do equipo técnico adscrito ó xulgado de menores	162
22. Dilixencia de aviso por detención dun/dunha menor	163
23. Dilixencia de aviso por detención dun/dunha incapaz	164
24. Dilixencia de presentación do pai/nai titor/a, gardador/a de feito ou do ministerio fiscal	165
25. Acta da declaración do/a detido/a	166
26. Acta de declaración do/a menor detido/a	167
27. Dilixencia de solicitude de habeas corpus	168
28. Dilixencia de comunicación á autoridade xudicial	169
29. Dilixencia de aviso ó xulgado de garda da solicitude de habeas corpus	170
30. Dilixencia de posta en liberdade	171
31. Declaración do/a imputado/a .. (nunha falta)	172

32. Declaración do/a imputado/a ... (nun delicto)	173
33. Declaración da testemuña	174
34. Dilixencia de recoñecemento médico	175
35. Dilixencia de renuncia ó recoñecemento médico	176
36. Dilixencia de aviso da detención	177
37. Dilixencia de renuncia a avisar da detención	178
38. Dilixencia de recoñecemento médico e administración de medicamentos	179
39. Dilixencia de recoñecemento médico e ingreso nun centro hospitalario	180
40. Dilixencia de posta a disposición xudicial	181
41. Dilixencia de posta a disposición do ministerio fiscal dun/dunha menor	182
42. Dilixencia de terminación e entrega	183

PRÓLOGO

O grao de desenvolvemento das funcións atribuídas á Policía Local, acostuma a estar en relación con factores como o desenvolvemento de núcleos urbanos, o número de habitantes dos concellos, os servizos que estes deben prestar, a extensión xeográfica do seu territorio, o número de membros que compoñen os cadros de persoal, o grao da organización destes, o nivel de formación dos/as profesionais, etc., de xeito que se pode observar, ó longo e ancho da nosa Comunidade, unha prestación de servizo heteroxénea por parte dos diversos cadros de persoal da Policía Local, tanto cuantitativa como cualitativamente.

O traballo que agora se presenta está realizado por persoal que desenvolve a súa actividade profesional nos concellos de Vigo e Moaña, unha das grandes cidades de Galicia o primeiro, e unha vila mediana o segundo. Ámbolos dous concellos con competencias diversas e cunha sensible diferenza, tanto con respecto ó número de axentes que compoñen os respectivos cadros de persoal como no tocante ó grao de organización deles.

Os autores e autoras poñen o seu esforzo, o seu coñecemento e a súa experiencia profesional acumulada durante anos de servizo, na elaboración duns formularios que ben poden ser de aplicación na maior parte dos concellos de Galicia cun corpo de Policía Local, xa que tocan un amplo abano de actividades relativas ó exercicio das funcións deste colectivo.

A presente obra combina sinxeleza na linguaxe utilizada para estar ó alcance de todos, simplificación, tanto nos contidos como no deseño dos documentos, e rigor a fin de garantir que se constate a totalidade de datos necesarios, tendo en conta a normativa, para realizar actuacións eficaces nos diversos eidos que son obxecto de actuación da Policía Local.

Este traballo pretende achegar o seu gran de area á acción iniciada anos atrás pola Xunta de Galicia para dotar ás policía locais dos medios de unificación de criterios de actuación, que permitan ós concellos galegos acadar unha acción conxunta máis eficaz a través da prestación do servizo da Policía Local.

No seu día dictáronse normas que deben segui-los concellos de Galicia respecto da homoxeneización, da uniformidade e dos medios materiais. Anos leva en funcionamento a Academia Galega de Seguridade desenvolvendo un moi positivo labor no que se refire á formación dos policía, tanto a través dos cursos de formación ou reciclaxe como dos cursos específicos sobre materias de interese para o desenvolvemento da actividade policial. Sen dúbida a mellor forma de unificar criterios de actuación e unificar a formación.

Espero que este traballo poida contribuír a facilitar o de por si complicado labor das policía de Galicia a prol dunha prestación de servizos máis eficaz, que a cidadanía demanda e as institucións deben ofrecer.

Conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais
Antonio Pillado Montero

CRITERIOS XERAIS DE ESTILO PARA REDACTARMOS

Non presentamos neste libro unha verdade incuestionable, xa que entre outras cousas, cadaquén ten o seu aquel á hora de redactar, pero si ofrecemos uns mínimos apuntamentos, ou chamémoslle consellos, do estilo e deseño de documentos que nós dende o noso traballo aplicamos e intentamos transmitir para conseguirmos que nos entendan e nos entendamos, xa que o fin sobranceiro de todo escrito, neste eido principalmente, ha ser informar, comunicar. De aí estes consellos, repetimos, que nos han levar a unha escrita clara, concisa, certa, sinxela e respectuosa.

Eliminamos, e conscientemente, toda referencia á lingua galega xa que por descontado, e por lei, a redacción ha ser na lingua de noso, pero cremos que hai bibliografía dabondo para achar resposta a dúbidas respecto a cuestións ortográficas, gramáticas e léxicas.

Entendemos esta achega á normalización lingüística do noso país, e asemade, á normalización comunicativa administrativa, como un referente nos modelos de uso cotián das policía locais galegas, pero sabemos que han recibir suxestións, emendas e engados. Benvidos sexan estes e agardamos que os haxa, pois así saberemos que cumpren o seu obxectivo: ser modelo non mera copia.

O achegamento e a comunicación das e dos cidadáns coas institucións é un principio básico sobre o que se debe apoiar todo o aparello político-administrativo do sector público nun estado democrático de dereito.

A actual política administrativa ha de ir encamiñada cara á transparencia e á simplificación administrativa e lexislativa. Os e as cidadáns xa non son súbditos que han obedecer, senón que son posuidores duns dereitos que han ser avalados pola Administración.

As relacións Administración-administrados/as baséase fundamentalmente no plano da escrita e ten como soporte os documentos administrativos. Malia os pasos dados cara a facilitar esa comunicación, facela máis fluída, aínda segue a ser dificultosa. E un dos atrancos é a linguaxe que empregamos ó redactarmos documentos, e máis aínda, o se redactaren as leis.

Toda administración debería ter como un dos seus obxectivos a elaboración de textos que puidesen ser lidos, comprendidos e retidos sen necesidade de grandes esforzos. Os escritos da Administración deberían ser claros, precisos e concisos, sen ambigüidades. Daquela na súa redacción o contido breve e concreto expresado en frases precisas ha de ser requisito imprescindible. Cómprenos, pois, utilizar unha linguaxe sinxela e clara para chegarmos á cidadanía. E mesmo para as comunicacións entre as administracións.

Xa a propia Administración dende hai xa tempo recomenda a utilización dunha linguaxe sinxela, avoga por unha expresión e estrutura dos escritos axeitadas, e regula a confección de material impreso. E son cada día máis as disposicións nese camiño da simplificación da linguaxe administrativa.

A linguaxe administrativa é un tecnoleto, é dicir, unha linguaxe de especialidade, determinada polo seu ámbito de uso (a Administración nas súas relacións internas e externas) e por unhas características específicas (tendencia á precisión, xerarquización de termos e conceptos, formalidade, impersonalidade, particularidades léxicas e morfosintácticas).

A redacción administrativa tradicional

Os textos administrativos tenderon a se caracterizar por presentaren unha redacción anquilosada (barroquismo na expresión e no léxico), arcaica (abundantes arcaísmos), artificial (lonxe de expresións comúns), despersonalizada (o funcionario que subscribe) lonxe dunha lingua áxil, asequible e sinxela.

O propio deseño dos documentos, a utilización esaxerada e arbitraria de recursos gráficos e ortográficos (maiúsculas, subliñados...). A orde dos elementos na frase, o discorrer da información, o encadeamento das ideas... era un tanto anárquica.

A isto temos nós que lle engadir o feito de sermos unha Administración relativamente nova, estarmos inmersos nunha administración que ata hai pouco pensaba e se expresaba en castelán. Así, malia termos unha tradición de peso na linguaxe administrativa galega, creando unha linguaxe administrativa galega, o que nos leva a termos que afrontar un dobre problema:

- * eliminar vellos prexuízos arrastrados por mor da redacción administrativa en castelán.
- * ir creando o noso propio estilo administrativo, que ha de superar o anquilosamento da expresión administrativa tradicional.

1.- A actividade administrativa e os documentos

A actividade administrativa distínguese polo seu carácter documental: os documentos ou formularios, constitúesen no seu testemuño.

O art.46 da Lei 30/1992, sinala que teñen a consideración de documento público administrativo os documentos validamente emitidos polos órganos das administracións públicas.

Dúas son as súas funcións.

- 1.- Función de constancia: asegura a pervivencia das actuacións administrativas ó se constituíren no seu soporte material.
- 2.- Función de comunicación: serven como medio de comunicación dos actos da administración.

2.- Estructura dos documentos

É este un aspecto esencial da súa eficacia comunicativa. E esta ha ser axeitada verbo:

- 1.- Da distribución da información: idea principal, idea(s) secundaria(s) que desenvolve-remos en parágrafos distintos e sempre liñalmente, sen marcha atrás. Cómpre evitar as repeticións, así como deixar lagoas de información.
- 2.- Na tipografía empregada: non debemos abusar dos recursos tipográficos (cursiva, negra...) pois de o facermos escurecerían a información: perderíamonos entre tanto subliñado, maiúsculas...
- 3.- No deseño: os novos tratamentos informáticos poñen ó noso alcance ferramentas que nos permiten deseñar, crear, modificar as estruturas dos formatos dos nosos documentos cara a procurarmos unha imaxe visual clara e sistemática a través dunha orde-nada distribución do texto, recadros e demais recursos gráficos.

CABECEIRA

(LOGOTIPO, DATOS DE IDENTIFICACIÓN)

TÍTULO DO DOCUMENTO. IDENTIFICACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO
De ser necesario// data entrada en rexistro/saída. Referencia

CORPO

PÉ

LUGAR E DATA. SINATURA. DESTINATARIO/A (1)

(1) Nalgúns documentos formalizados o/a destinatario/a pode ir ó pé ou na cabeceira.

Á hora de elaborarmos un formulario cómpre termos en conta a exactitude, a claridade e a economía:

- * linguaxe sinxela e unívoca
- * eliminación de datos irrelevantes
- * supresión de fórmulas discriminatorias
- * claridade nas notas e explicacións complementarias

CRITERIOS E PROPOSTAS DE SIMPLIFICACIÓN

O obxectivo da simplificación dos textos, sobre todo dos de transcendencia pública, estean dirixidos a particulares (notificacións, emprazamentos...) á colectividade (convocatorias, anuncios...), é facelos o máis transparentes posibles para o conxunto dos/as destinatarios/as interesados/as.

Como xa dixemos, os textos administrativos han de comunicar; a información ha de ser completa pero nunca redundante. Con todo, non debemos obviar datos por crelos coñecidos (por ex. un artigo dunha lei, as siglas, abreviaturas...)

Ó comenzarmos a redactar, debemos ter sempre presente a quen vai dirixido o escrito, pois non presentarán o mesmo grao de formalidade os textos dirixidos a outras administracións que a un destinatario ou destinataria en particular.

1.- Criterios para conseguirmos a máxima lexibilidade

a) Redactemos con frases curtas: entre 15 e 20 palabras. Temos que ter claro o que queremos dicir e desenvolver a idea. A puntuación, a orde lóxica, o non abusar de incisos, explicacións... facilitan a lectura doada; daquela, a comprensión.

a) Prefiramos palabras sinxelas, que sexa de doada comprensión para o/a destinatario/a.

Ás veces os nosos textos semellan estar feitos máis para impresionar que para comunicar. Debemos rexeitar palabras suntuosas, enrevesadas; parágrafos enleados, longos; a linguaxe cerimonial, apegada ós vellos xeitos.

a) Os nosos escritos han ser concisos: usemos só as palabras necesarias, eliminemos o que non engada información.

* Palabras, expresións inútiles: ex. *A medio da presente informámoslle de...*

* Palabras “comodíns” que serven para todo pero que precisan pouco: *problema, caso, feito...*

* Simplifiquemos: **facer un control: controlar*

* *tomar parte: participar*

* *ser obxecto de sanción: sancionar*

* *Proceder a realizar: realizar*

a) Administremos os enlaces: adverbios, preposición; o seu uso debe estar motivado e axeitado á súa significación.

a) Puntuemos axeitadamente, xa que a puntuación modula a prosa e a respiración; pon de relevo as ideas e elimina as ambigüidades. En definitiva, estrutura o texto.

Unha oración, unha idea. Un parágrafo, un tema. Un texto, unha mensaxe. Un inciso, unha aclaración.

2. Criterios de redacción

- a) Prefiramos a **voz activa** xa que está máis próxima á expresión cotiá e permite que gañemos en claridade e precisión ó ser o suxeito o axente da acción.

Pola contra, a voz pasiva, ó situar o axente ó final da frase, esíxenos maior esforzo para aclararmos quen fai o que.

Os conductores foron sancionados por axentes non uniformados: axentes non uniformados sancionaron os conductores

Con todo, debemos saber que a voz pasiva é máis axeitada se:

- o centro da atención é o obxecto non o suxeito: *Os sinais foron derrubados por ese camiión*

- elevamos a énfase de feitos ou argumentos desfavorables: *O seu informe foi rexeitado polo instructor do caso*

- interesa só a acción, utilizaremos a pasiva impersonal: *Rexeitouse o informe.* Debemos lembrar que é errónea a construción **polo funcionariado rexeitouse o convenio < o convenio foi rexeitado polo funcionariado; o funcionariado rexeitou o convenio.*

- b) Prefiramos **frases afirmativas** xa que as negativas, e sobre todo se van cargadas de adverbios como *difícilmente, raramente*, son máis difíciles de ler.

- c) A redacción administrativa inclínase por un estilo nominal, no que a proporción de nomes supera á de verbos. Deste xeito a prosa aforra conectores (conxunción, relativos...) e gaña impersonalidade, pero perde clareza e imprégna dun estilo abstracto. Estas construcións non son agramaticais, pero abusar delas é pouco aconsellable xa que fan os escritos espesos e difíciles de ler, e, daquela, de entender.

- d) Concentrémonos no que queremos dicir, **evitemos a información supérflua**: ás veces, ó querermos aclarar unha información, introducimos incisos que no canto de aclarar o texto, líano.

O xuíz poderá tamén, se o cre conveniente, separar a tutela das persoas.

- e) Eliminemos calquera tipo de discriminación ben por razón de sexo (*o xefe da Policía Municipal María M.*), ben de trato humillante (*rogo, suplico: solicito, pido*).
- f) Personalicemos os escritos, desbotemos os *o funcionario que subscribe*, a redacción en terceira persoa (*informa, certifica...*). No seu lugar: *informo, certifico, comunico...*

3. Para escollermos as palabras

- a) Non repitamos: a reiteración dun termo nun período breve provoca monotonía e deixa entrever un escaso coñecemento do léxico e pouca destreza na redacción.
- b) Evitemos retrousos. Pódense utilizar dun xeito limitado e en certos contextos: para evitarmos baldeiros nun discurso, para enlazar frases.
- c) Prefiramos palabras concretas que designan conceptos ou cualidades de fácil interpretación; as abstractas precisan máis tempo e esforzo para captar o seu sentido. *Discútonse eses puntos da negociación*. O significado de *punto* é sinal circular, puntada, referencia, medida, parte dun asunto. *Discútonse esas reivindicacións / eses obxectivos*.
- d) Utilicemos palabras curtas e sinxelas, que polo xeral son tamén as palabras de uso máis cotián. Así *concomitancia, concretizar, influenciar...* deixarán paso a *semellanza / parecido, concretar, influír*.
- e) Os adverbios en *-mente* son propios do rexistro formal. O estilo coloquial prefire adverbios máis vivos e breves. Por exemplo: *actualmente, contemporaneamente, anteriormente: hoxe / agora / hoxe en día, antes*.

OS AUTORES

**POLICÍA
ADMINISTRATIVA**

Unidade:
Axentes:
Data:

PARTE DE SERVICIO
Control de establecemento

Sr/Sra. xefe/a da Policía Local:

Informámolo de que durante o servicio do día, ás horas
comprobamos que o local situado en

- esta aberto ó público
- os seus clientes consumían no exterior
- tiña a música excesivamente alta
- outros

O que lle comunicamos para os efectos oportunos.

O/a axente
Asdo.:

O/a axente
Asdo.:

Unidade:
Axentes:
Data:

FICHA DE INSPECCIÓN DE LOCAIS

Datos do local

Denominación	
Enderezo	

Datos do/a propietario/a

Nome e apelidos		
DNI		
Enderezo		

Datos administrativos

Licencia municipal a nome de			
Núm. de expte.		Data da concesión	
Actividade			
Recibo IAE núm.		correspondente ó ano	
Recibo do lixo núm.		correspondente ó ano	

Observacións

--

....., de de

O/a axente
Asdo.:

O/a axente
Asdo.:

Unidade:
Axentes:
Data:

ACTA DE PRECINTO DE LOCAIS

En, ás horas do día de de, os axentes da Policía Local cos carnés profesionais números e, perante D./DNA. en cumprimento da Resolución de², do día, núm.

PRECINTAMOS³, situado en
..... propiedade de

D./DNA.:	
DNI:	
DOMICILIO:	
TFNO:	

Os precintos quedaron colocados da seguinte maneira
.....

Advertimos a persoa interesada de que se lle comunicará expresamente o desprecinto, circunstancia pola que a desaparición ou rotura deste non implicará que a orde de suspensión da actividade decretada quedase sen efecto.

Igualmente a informamos de que o quebrantamento dos precintos ou a entrada sen autorización no local poden constituír un delito de desobediencia grave á autoridade segundo o previsto no artigo 556 do Código Penal castigado con penas de privación de liberdade de seis meses a un ano.

E para que así conste, redactamos esta acta que asinamos todas as persoas implicadas.

O/a receptor/a
Asdo.:

O/a axente
Asdo.:

O/a axente
Asdo.:

¹ Camareiro/a, representante, apoderado/a, xerente, propietario/a...

² Indicarémo-la autoridade que o ordena - alcalde, xuíz...

³ Obra, establecemento comercial - indicarémo-lo nome.

Unidade:
Axentes:
Data:

ACTA DE DESPRECINTO DE LOCAIS

En, ás horas do día de de .., os axentes da Policía Local cos carnés profesionais números e, perante D./DNA. que actúa como¹ e en cumprimento da Resolución de², do día, núm.

PRECINTAMOS³, situado en
..... propiedade de

D./DNA.:	
DNI:	
DOMICILIO:	
TFNO:	

E que se precintara o día

E para que así conste, redactamos esta acta que asinamos tódalas persoas implicadas.

O/a receptor/a
Asdo.:

O/a axente
Asdo.:

O/a axente
Asdo.:

¹ Camareiro/a, representante, apoderado/a, xerente, propietario/a...

² Indicarémo-la autoridade que o ordena - alcalde, xuíz...

³ Obra, establecemento comercial - indicarémo-lo nome.

SUSPENSIÓN DA ACTIVIDADE

Artigo 94. Executoriedade. Lei 30/92

Os actos das administracións públicas suxeitos ó dereito administrativo serán inmediatamente executivos, salvo o previsto nos artigos 111 e 138, e naqueles casos en que unha disposición estableza o contrario ou necesiten aprobación ou autorización superior.

Artigo 111. Suspensión da execución. Lei 30/92

1. A interposición de calquera recurso, excepto nos casos en que unha disposición estableza o contrario, non suspenderá a execución do acto impugnado.
2. Non obstante o disposto no parágrafo anterior, o órgano a quen lle competa resolve-lo concurso, trala ponderación, suficientemente razoada, entre o prexuízo que lle causaríase ó interese público e a terceiros a suspensión, e o prexuízo que se lle causa ó recorrente como consecuencia da eficacia inmediata do acto contra o que se recorreu, poderá suspender de oficio ou por solicitude do recorrente, a execución do acto contra o que se recorreu, cando concurra algunha das seguintes circunstancias:
 - a) Que a execución puidese causar prexuízos de imposible ou difícil reparación.
 - b) Que a impugnación se fundamente nalgunha das causas de nulidade de pleno dereito previstas no artigo 62.1 desta lei.
3. Ó dicta-lo acordo de suspensión poderán adoptarse as medidas preventivas que sexan necesarias para asegurala protección do interese público e a eficacia da resolución impugnada.
4. O acto impugnado entenderase suspendido na súa execución se transcorridos trinta días desde que a solicitude de suspensión entrase no órgano competente para decidir sobre ela, este non dictou a resolución expresa, sen necesidade de solicita-la certificación que regula o artigo 44 desta lei.
5. Cando o recurso teña por obxecto a impugnación dun acto administrativo que afecte a unha pluralidade indeterminada de persoas, a suspensión da súa eficacia haberá de publicarse no periódico oficial no que aquel se publicou.

Artigo 177. Outros actos sen licenzia. Lei 1/97 do solo de Galicia, do 24 de marzo.

1. Cando algún acto distinto dos regulados no artigo anterior e que precisase licenzia, se realizase sen esta ou en contra das súas determinacións, o alcalde disporá a cesación inmediata do dito acto e incoará o expediente de reposición da legalidade.
2. Instruído o expediente de reposición da legalidade, e trala audiencia da persoa interesada, adoptarase algún dos seguintes acordos:
 - a) Se a actividade se realizase sen licenzia ou sen axustarse ás súas determinacións, requirirase a persoa interesada para que solicite a oportuna licenzia ou axuste a actividade á xa concedida.
 - b) Se a actividade non fose legalizable por ser incompatible co ordenamento urbanístico, impedirase definitivamente a actividade e ordenarase repoñe-los bens afectados ó estado anterior ó incumprimento daquela.
3. Se, transcorrido o prazo de dous meses desde o requirimento, a persoa interesada non solicitou a oportuna licenzia ou, se é o caso, non axustou a actividade ás condicións sinaladas nela, o alcalde adoptará o acordo previsto no parágrafo b) do número anterior. Do mesmo xeito procederase no suposto de que a licenzia fose denegada por se-lo seu outorgamento contrario á legalidade.
4. Para a execución forzosa das medidas adoptadas polo alcalde, rexerá o disposto no artigo 175.5.

Artigo 56. Regulamento de disciplina urbanística D 28/99, do 21 de xaneiro.

1. Dentro do prazo de catro anos desde a total terminación das obras executadas sen licencia ou orde de execución ou sen axustárense ás súas determinacións, o alcalde incoará o correspondente expediente de reposición da legalidade procedendo de conformidade do disposto na sección anterior.
2. Para os efectos do establecido no parágrafo anterior, considérase que son obras totalmente terminadas aquelas que se encontren dispostas para servir para o fin ó que estivesen destinadas e en condicións de seren ocupadas sen necesidade de obra complementaria de ningún tipo, cando así o recoñeza a autoridade que incoe o expediente, tralo informe dos servizos técnicos municipais e con audiencia do promotor das obras.

SECCIÓN 1ª ACTOS DE EDIFICACIÓN E USO DO SOLO EN TRÁMITE DE EXECUCIÓN QUE SE REALICEN SEN LICENCIA OU ORDE DE EXECUCIÓN OU SEN AXUSTARSE ÁS SÚAS DETERMINACIÓNS.

Artigo 54

1. Instruído o expediente de reposición da legalidade e trala audiencia da persoa interesada, de conformidade co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, adoptárase un dos seguintes acordos:
 - a) Se os actos de edificación e uso do solo non fosen legalizables pola súa incompatibilidade co ordenamento urbanístico, o alcalde decretará, en caso de obras, a súa demolición por conta da persoa interesada e, en caso de usos, a reposición dos bens afectados ó estado anterior ó incumprimento daquela. En ámbolos dous supostos impedirase definitivamente os usos ós que dese lugar.
 - b) No suposto de que as obras fosen legalizables pola súa compatibilidade co ordenamento urbanístico, requirirase a persoa interesada para que no prazo de dous meses solicite a preceptiva licencia; manterase a suspensión das obras en tanto esta non sexa outorgada.
 - c) Se as obras se realizasen sen axustárense ás determinacións previstas na licencia ou á orde de execución outorgada, requirirase o interesado para que no prazo de dous meses axuste as obras ás condicións sinaladas na licencia. No suposto de que a complexidade técnica ou envergadura das obras que se vaian realizar fagan inviable, segundo os informes técnicos municipais, a súa acomodación ás previsións da licencia no prazo previsto, o alcalde poderá conceder unha ampliación deste, que en ningún caso excederá da metade daquel.
2. Transcorrido o prazo outorgado sen que a persoa interesada solicite a oportuna licencia ou sen que axuste as obras ás condicións sinalada nela ou na orde de execución, así como nos supostos nos que a licencia fose denegada por se-lo seu outorgamento contrario á legalidade, o alcalde acordará, respectivamente, a demolición das obras por conta da persoa interesada ou a reposición dos bens afectados á situación anterior ó incumprimento do ordenamento vixente. En ámbolos dous supostos impedirá definitivamente os usos ós que dese lugar.
3. En caso de incumprimento da orde de demolición ou de reposición dos ben ó estado anterior ó incumprimento do ordenamento urbanístico, a Administración actuante procederá á súa execución subsidiaria ou á súa execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, a contía das cales oscilará entre as 50.000 e as 500.000 pts., en función das circunstancias concorrentes e do custo calculado das actuacións necesarias para restaura-la legalidade. A imposición destas multas reiterarase ata logra-la execución por parte do suxeito obrigado, sen prexuízo de que, co obxecto de evitar dilacións innecesarias no restablecemento da legalidade urbanística, o alcalde opte en calquera momento pola execución subsidiaria por conta da persoa interesada ou dos seus habente-causa.

4. Se os actos de edificación fosen promovidos por órganos das administracións públicas ou entidades de dereito público que administren ben daquelas, rexerá o disposto na sección segunda do capítulo I do título II deste regulamento.

Artigo 55

1. Cando a actividade executada sen licencia consistise na demolición dun edificio ou construción, o alcalde decretará, se procedese, a reconstrución do indebidamente demolido.
2. Se a demolición afectase a un edificio ou construción de valor histórico-artístico ou arqueolóxico, incluídos nos catálogos previstos no artigo 32 da Lei do solo de Galicia ou en plans especiais de protección, o alcalde ordenará a paralización inmediata da actividade.

A reconstrución, cando proceda, deberá someterse ás normas establecidas para a conservación, restauración e mellora que lle sexan de aplicación na súa lexislación específica. Os custos de reconstrución correrán por conta da persoa autora da demolición practicada ou dos seus habente-causa.

3. Cando se paralice definitivamente a demolición das edificacións ou construcións a que se refire o parágrafo 2 deste artigo, adoptaranse as medidas de seguridade que sexan necesarias por conta da persoa interesada.

....., de de.....

Asdo:

Unidade:
Axentes:
Data:

DENUNCIA POR INCUMPRIMENTO DE HORARIO EN ESTABLECEMENTOS

En, ás horas do día de de, os axentes da Policía Local cos carnés profesionais números e, comprobamos que o establecemento

Nome		Enderezo	
Actividade		Data da licencia	
Propiedade de		DNI	

Quebrantou o horario máximo de peche permitido pola Orde da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de data na que se determinan os horarios de peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

O/a receptor/a

Asdo.:

O/a axente

Asdo.:

O/a axente

Asdo.:

SOLICITUDE DE OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA

Datos do/da solicitante

Nome e apelidos			
DNI		Tfno.	
Enderezo			

Solicitud

--

Autorización da Xefatura Si
 Non

Condições

--

Material prestado

--

Data de devolución

--	--	--

....., de de

O/a axente
Asdo.:

Xefatura

Unidade:
Axentes:
Data:
Expte.:

ACTA DE RETIRADA DE MESAS E CADEIRAS INSTALADAS NA VÍA PÚBLICA SEN AUTORIZACIÓN

En, ás horas do día de do ano, os axentes da Policía Local cos carnés profesionais números e, perante

D./DNA.:	
DNI:	
DOMICILIO:	
TFNO:	

Conforme ó establecido na Resolución de Alcaldía do día, e logo de que o/a titular do

ESTABLECEMENTO:	
DOMICILIO:	

fixese caso omiso ós repetidos requirimentos que lle fixeron para que retirase as mesas e cadeiras que ocupaban a vía pública sen autorización.

REQUISITOS un total de

MESAS:	
CADEIRAS:	

que se topaban instaladas na terraza situada na beirarrúa en sen a perceptiva licencia municipal.

Neste acto entregámoslle á persoa interesada unha copia desta acta. Deberá presentala para que lle devolvan as súas pertenzas, que foron trasladadas, pola súa conta, a

O/a receptor/a
Asdo.:

O/a axente
Asdo.:

O/a axente
Asdo.:

Unidade:
Axentes:
Data:
Expte.:

DENUNCIA POR INCUMPRIMENTO DE BANDOS, ORDENANZAS

Obxecto da denuncia

- Ocupación da vía pública
- Actividades molestas ou perigosas
- Repartir folletos, carteis
- Verter residuos á rúa
- Colocar carteis en espazos non habilitados
- Depositar lixo fóra do horio, sen bolsas, en lugares non habilitados
- Levar un animal pola rúa sen atar, depositando dexeccións.
- Valo ou obra non regulamentaria
- Supera-lo nivel sonoro permitido
- Outra

Descrición dos feitos denunciados
--

--

Norma infrinxida

Datos da persoa denunciada	
Nome e apelidos / Razón social	DNI / CIF
Enderezo	Tfno.

Datos da persoa que denuncia	
Nome e apelidos	DNI
Enderezo	Tfno.

Observacións

O/a axente
Asdo.:

O/a denunciante
Asdo.:

Unidade:
Axentes:
Data:
Expte.:

DENUNCIA POR INCUMPRIMENTO DE...
Espectáculos públicos

Lexislación aplicable	
------------------------------	--

Obxecto da denuncia

- Indispoñibilidade ou carencia de aptitude de todos ou algún dos extintores necesarios
- Carecer de libro de reclamacións ou telos sen os requisitos previstos
- Non lles subministrar ós espectadores, usuarios ou concorrentes o Libro de reclamacións
- Permitírlle-la entrada a menores de 16 anos
- Retraso no peche do establecemento respecto do horario establecido
- Entorpecemento do vestíbulo, corredores, escaleiras e/ou portas da saída con obstáculos que dificultan a saída en caso de emerxencia
- Negárlle-la entrada ós axentes da Policía ó estaren estes no exercicio das súas funcións
- Outras

Descrición dos feitos denunciados
--

--

Datos da persoa denunciada	
Nome e apelidos / Razón social	DNI / CIF
Enderezo	Tfno.

Observacións

--

O/a axente
Asdo.:

O/a denunciante
Asdo.:

Unidade:
Axentes:
Data:

DENUNCIA OU RECLAMACIÓN AMBIENTAL
(Orde do 31 de maio de 1991)

Nome e apelidos	DNI	
Enderezo e Tfno.	En nome de	

EXPOÑO¹

Que

Os feitos denunciados ou reclamacións SI/NON² foron denunciados con anterioridade o
..... de do ano perante

Xunto³ a seguinte documentación:

- A)
- B)
- C)
- D)
- E)

Conforme o que se establece no artigo 1º. da Orde do 31 de maio de 1991, da Consellería da Presidencia e Administración Pública, presento a denuncia/reclamación⁴

.....
.....
....., de de

Asdo.:

SR. PRESIDENTE DA COMISIÓN PROVINCIAL DE MEDIO AMBIENTE

SR. SECRETARIO XERAL DA COMISIÓN GALEGA DE MEDIO AMBIENTE

¹ Describírase brevemente a reclamación ou a denuncia que se desexa realizar. Indicaranse:
- motivo ou causa
- descrición cronolóxica dos feitos denunciados
- situación e descrición xeográfica do lugar onde se produce o feito denunciado
* Se for necesario describir máis exhaustiva e detalladamente, farase en folla/s achegada/a

² Rísquese o que non proceda.

³ Enumérense os documentos que se presentan.

⁴ Indíquese de xeito resumido o título ou nome da denuncia ou reclamación.

Unidade:
Axentes:
Data:
Expte.:

ACTA DE MEDICIÓN DE RUÍDOS

En, ás horas do día de do ano, os axentes da Policía Local cos carnés profesionais números e, perante

D./DNA.:	
DNI:	
DOMICILIO:	
TFNO:	

Conforme ó en, realizamos a seguinte medición de ruídos

LUGAR ¹	ENDEREZO	
TITULAR		DNI
LICENCIA MUNICIPAL		
INTERVALO HOR.	TIPO DE RUÍDOS	

APARELLO UTILIZADO

LUGAR DA MEDICIÓN	RESULTADO

Observacións

O/a axente
Asdo.:

O/a O/a axente
Asdo.:

¹ Hotel, bar, pub, casa particular....

Unidade:
Axentes:
Data:
Precinto núm.

PARTE DE IDENTIFICACIÓN DE VENDA AMBULANTE

Os/as axentes co carné profesional núm. ... e informámolo/a de que en, ás ... : ... do día de, identificarnos a

D./Dna.	
DNI	

Quen ocupaba a vía públicas ó exerce-la venda ambulante sen a correspondente licencia municipal. Por este motivo solicitámoslle que axiña cesase na súa actividade, ante o que

- Levantou o posto e retirou a mercadoría.
- Negouse, polo que lle comisásmo-la mercadoría.

Achegámoslle a acta de intervención.

O/a axente
Asdo.:

O/a axente
Asdo.:

Unidade:
Axentes:
Data:
Expte.

ACTA DE VENDA AMBULANTE SEN LICENCIA

En, ás: do día de, o/a axente co carné profesional
núm, perante

D./DNA.:	
DNI:	
DOMICILIO:	
TFNO:	

FAGO CONSTAR

Que a citada persoa estaba exercendo a venda ambulante en

Ó se lle solicita-la licencia municipal¹ non a presenta, polo que a advertimos de que:

1. Por carecer de licencia municipal debe deixar de inmediato de exercer-la venda ambulante.
2. De non o facer, cumpriremos co estipulado no art. da citada ordenanza, que prevé a retirada do posto de venda ambulante ilegal e dos seus produtos, sen prexuízo da sanción pecuniaria que proceda.

Leo esta acta perante a persoa interesada, e entrégolle unha copia.

Os axentes
Asdo.:

A persoa interesada
Asdo.:

¹ Obrigatoria segundo o art. da vixente ordenanza municipal reguladora da venda na vía pública e en espazos públicos abertos.

Unidade:
Axentes:
Data:
Precinto núm.

ACTA DE RETIRADA DE INSTALACIÓNS, ELEMENTOS E XÉNEROS

En, ás: do día de, o/a axente co carné profesional núm, perante

D./DNA.:	
DNI:	
DOMICILIO:	
TFNO:	

FAGO CONSTAR

Que consonte o art. da Ordenanza reguladora da venda na vía pública e espacios abertos, retirámo-los seguintes elementos, xéneros e instalacións

situados na vía pública, por carece-la persoa indicada da preceptiva licenzia municipal que a autoriza a exercer-la venda ambulante, e non obedece-lo requirimento feito para que suspéndese a actividade.

Os elementos e xéneros comisados quedan custodiados en¹ á disposición da persoa interesada. Esta poderá recuperalos tralo ingreso² das taxas de retirada e custodia reguladas na ordenanza fiscal respectiva.

A mercadoría queda nun recipiente, precintado perante ó/á denunciado/a, con número de precinto para a súa identificación que se indica na marxe superior.

Entregámoslle copia asinada desta acta á persoa denunciada; copia que deberá presentar xunto co xustificante de ingreso das taxas para recupera-la mercadoría intervida.

E proba de conformidade asino este documento xunto coa persoa interesada.

O/a axente
Asdo.:

A persoa interesada
Asdo.:

¹ Hai que sinalar onde quedan depositadas

² O pagamento das taxas poderá realizalo nas oficinas de situadas en en horario de a horas, de a

Unidade:
Axentes:
Data:
Precinto núm.

ACTA DE ENTREGA DE INSTALACIÓN ELEMENTOS E XÉNEROS

En, ás: do día de, o/a axente co carné profesional núm, perante

D./DNA.:	
DNI:	
DOMICILIO:	
TFNO:	

FAGO CONSTAR

Que consonte o art. da Ordenanza reguladora da venda en vía pública e espazos abertos, entrégolle a citada persoa os xéneros, elementos e instalacións retirados da vía pública por carecer da preceptiva licenza municipal que a autorizaba a exercer-la venda ambulante.

A mercadoría requisada encóntrase nun recipiente hermeticamente pechado e precintado co núm. e ábrese perante a persoa interesada. Queda constancia de que está nas mesmas condicións que cando foi retirada.

A dita entrega realízoa trala comprobación do aboamento das taxas de retirada e custodia reguladas na ordenanza fiscal respectiva.

En proba de conformidade, asino esta acta xunto coa persoa interesada.

O/a axente
Asdo.:

A persoa interesada
Asdo.:

Unidade:
Axentes:
Data:

ACTA DE REQUISAMENTO DE ARMAS ILEGAIS OU SEN XUSTIFICAR DOCUMENTACIÓN

En, ás: do día de, o/a axente co carné profesional núm, perante

D./DNA.:	
DNI:	
DOMICILIO:	
TFNO:	

FAGO CONSTAR

Que a citada persoa no intre da súa identificación portaba, sen licencia ou sen causa xustificativa ningunha para a (s) arma (s) seguintes (s)

Conforme co artigo 18 da Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, verbo da “protección de seguridade cidadá”, en relación co indicado no Real decreto 137/1993 do 29 de xaneiro, Regulamento de armas requisámoslle, para os efectos administrativos pertinentes, a (s) arma (s) referida (s).

Arma (s) que queda (n) depositada (s) en¹ mentres a persoa interesada non presente a documentación que acredite a súa posesión legal.

Advertímola de que de non a presentar, iniciaranse as actuacións pertinentes por posesión ilícita de armas.

Observación do/da posuidor/a de armas

Asinamos, en conformidade, os axentes e a persoa interesada.

O/a axente
Asdo.:

A persoa interesada
Asdo.:

¹ Na Policía Local, Garda Civil, Policía Nacional

Unidade:
Axentes:
Data:

ACTA DE INTERVECIÓN DE SUBSTANCIAS ESTUPEFACIENTES

